

"PENELOPE": UN POEMA NA ESPERANZA.

Analizar un poema escrito en 1961 ten hoxe a vantaxe de poder matinar unha miga na esperanza daqueles anos a respecto do noso País. "Penélope" sérvenos para ver en que ficou, como se nos foi formando esa esperanza nas mans ou no corazón.

Penso que non se pode arredar o poema "Penélope" da parte de NIMBOS que o autor chamou *Espranza*. Interpretétese como se interprete "Penélope" queda unha cousa clara: que a esperanza no País, nas suas xentes, no que todos e todas representamos aquí, foi a pauta que moveu a Diaz Castro para poñer a sua miguíña no futuro da nosa persoalidade dun xeito positivo, aínda que iso si, realista. E ese realismo é o que nos axuda a poñer as cousas onde hai que poñelas e a non desviarnos, coa presa, cara metas non posíbeis hoxe no plano social.

Terra sucada, primeiro poema de *Espranza*, fálanos de semente, o grao que ha froitificar na "nena dormida". *Quezais*, máis persoal, máis individual, volve á luz de Deus, tan cantada polo poeta, rompendo noites e abrindo soles e mundos. E logo *Terra do tempo*, individual e colectivo:

*Ademetido fun na espranza pura,
i a morte que me mata non é miña*

de múltiples interpretacións, evidentemente, pero sen que se poida illar do anaco da *espranza* que enche esta parte do libro.

"Penélope", pois, é un anaco logradísimo da esperanza galega no País, da esperanza dos NIMBOS. Curioso o título, pois se Penélope, en situacións obxectivas pouco favorábeis, para burlar aos seus pretendentes, os Eurímaco, Demoptólemo, Euriades..., destecía na noite o que tecía de día, cando houbo que enfrentar de verdade a elección, tivo que deixar o engano e decidir. O poema dinos isto tamén: non se moverá a tea dos nosos ollos; desperguizaremos pouco a pouco, algunha vez, quizabes, para volver ao sono; seguirán arando os bois...; pero hai un bruar de navios moi lonxanos que estrolla o sono mol como unha uva, e os camiños traguerán algun día a xente que levaron porque toda cousa ha de pagar o seu desmo. Versos proféticos, sen dúbida, e que dalgun xeito se están a cumprir, pois aínda que o desencanto gaña batallas, os non desencantados seguen en pé, a auréola máis atinada da esperanza.

Díaz Castro sabía e sabe que o futuro non é doado, que aínda se anda e se desanda, que volve o sono, pero máis consciente, posibelmente cun ollo cerrado e o outro xa non tanto. Á maldición desta nosa Terra non pode ser eterna, díno-lo Penélope, unha muller que aínda submersa nos axiridos da morte de Ulises, agarda o día da volta do libertador -e non é que eu queira referirme hoxe e aquí a un nivel individual de libertadores ou libertadoras. Ao fin e ao cabo, a historia do mundo deu moitas voltas desde aquela, e a da nosa nación tamén-.

¿Quen máis consciente que un poeta para sabelo?. E así, o poeta díxonolo un día, aló polo ano de 1961, e a historia posterior foi tecendo a profecía ou esperanza até situála nun punto histórico que nos fai escribir estas liñas.

De seguro que Díaz Castro, de escribir hoxe o seu "Penélope II", diríanos máis cousas. Non só aquelas senón outras máis. E esa vea que nos comunica aos que algunhas veces nos dá por emborrachar papeis, síame que volverán as

palabras de Diaz Castro en luz de terra e en luz de victória, e como sempre,
fermosas, realistas e cun paso adiante, longo, longo, e algun atrás, pero non
tanto. Aqui queda a petición, neste grande día onde todos estamos a compartillar
esta estraña "profisión" da poesía cos NIMBOS alumando os nosos fráxiles dedos.

LOIS DIEGUEZ.

Lugo, Marzo de 1989.